

## ANEXO B. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA – AVALIACIÓN FINAL

O Plan de Avaliación ao que están obrigadas as entidades beneficiarias de financiamento inclúe a presentación dun informe anual final .

### Procedemento PE209B

<b>ENTIDADE/ENTIDADES BENEFICIARIAS</b>	
CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS	
Expediente: PE209B 2017 / 041	
<b>NOME DO PROXECTO</b>	
PROXECTO DE RESTAURACIÓN DO ECOSISTEMA DA ZONA DE MATADERO-BEBEDEROS	
<b>RESPONSABLE LEGAL</b>	
NOME E APELIDOS E ENTIDADE RUPERTO COSTA FERNÁNDEZ	NIF 76860988W
CARGO PATRÓN MAIOR	SINATURA 
<b>DATA DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO</b>	10/04/2017-10/12/2017
<b>DATA DE PRESENTACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN</b>	15/12/2017

## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.

### **-GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PROXECTO.**

No ano 2011, a través dun proxecto financiado pola Consellería do Medio Rural e do Mar, xuntos cos fondos FEM da UE, realizouse unha actuación de rexeneración na **zona A** da figura 3 dunha parte do banco de Os Bebederos mediante a corrección granulométrica do substrato co aporte de áridos mesturados con cunha de berberecho, coa posterior sementeira de ameixa que produciu unha importante recuperación da zona para a actividade marisqueira i o ecosistema.



*Figura 1.- Zona de actuación (B)*

Por outra parte, no ano 2016 o Concello de Cambados, xunto coa Delegación Provincial de Costas, realizou unha actuación de acondicionamento da praia de Ribeira da Mouta (**zona C**, na figura 3 e 4) na que aportou máis de 20.000 m<sup>3</sup> de area de canteira para recuperar e aumentar a superficie de praia para uso recreacional (a letra C)




Figura 2 .- Vista en planta das zonas antes sinaladas do banco de Os Bebederos

Segundo estas dúas actuacións, a **zona B**, situado nun punto intermedio demandaría unha actuación de corrección granulométrica do substrato, co aporte de áridos de tamaño grosso, así como a remoción e mestura co substrato anterior que permita a eliminación de finos (coa circulación de marea) e recuperación da zona para o marisqueo.

O aporte de area nova de canteira, xunto coa mestura do sedimento xa existente no banco provocará un substrato óptimo para o cultivo de ameixa así como a fixación de semente procedente do medio natural. Mediante a actuación dun tractor cun arado creárase un capa de sedimento novo que acondicionará o fondo mariño para acadar unha maior fixación das especies comerciais de bivalvos infaunais explotables, preferiblemente ameixa fina e berberecho. Sen embargo, ao tratarse dunha zona na que non existe practicamente ningún bivalvo comercial, debido á súa degradación, sería interesante sementar a zona cunha especie resistente e de crecemento relativamente alto, que exercese como recuperadora do substrato e impedisese a compactación novamente da zona.

Por outra parte, o acondicionamento desta zona, ao atoparse a menor cota de marea, ofrece a posibilidade de traballar en mareas mortas, nas que non é posible acceder ao banco do Sarrido.

O obxectivo principal deste proxecto será a recuperación e conservación do espazo coñecido como “zona do Matadero”, no banco de O Sarrido, dende o puntos de vista ambiental e marisqueiro. O proxecto suporá a rehabilitación

dun área sometida ao impacto de certas actividades humanas que degradaron a zona durante algún tempo e que na actualidade atópase nun estado de deterioro cun sedimento fangoso de carácter anóxico e restos de residuos sólidos alí abandonados.

Ademais o proxecto inclúe a repoboación e reintroducción de especies autóctonas como a ameixa fina, así como o favorecemento mediante a limpeza e a corrección granulométrica do substrato que facilite a fixación natural da propia ameixa fina e berberecho. Estas accións acadarán a recuperación desta área que quedará así integrada no banco marisqueiro de O Sarrido aplicando os principios da infraestrutura verde que se enuncian na Comunicación da Comisión europea titulada “Infraestrutura verde-mellora do capital natural de Europa (COM(2013)249final, do 6.5.2013)

#### **-ACTIVIDADES EXECUTADAS.**

O inicio do proxecto comezou no momento que saiu publicada a resolución de aprobación do mesmo, o 8 de Setembro de 2017.

A primeira actividade, desenvolveuse a finais deste mes, procedendo á limpeza de todo o material groseiro (restos de rodas, redes, plásticos etc...) que se atopaba na zona de o Matadero. Esta tarefa de limpeza continuou ao longo do mes de outubro e durante os traballos de aporte de acondicionamento físico a medida que as máquinas estaban traballando e aparecían novos obxecto de lixo nesta área.

Esta tarefa foi realizada polo colectivo das mariscadoras máis os medios mecánicos necesarios provisionados pola empresa “Excavaciones Javier”

En segundo lugar realizouse a segunda actividade prevista que tiña como obxectivo o acondicionamento físico do substrato, consistente no aporte de área de canteira de granulometría mixta 0-8 mm, aportada pola empresa **Triturados do Saiar S.L.** (figura 3).




Figura 3.- Detalle da granulometría da mestura de árido empregado

Durante 5 días, dende o 6 ata o 10 de novembro a empresa foi entregando diariamente varios camiións de árido na rambla de Riveira da Mouta, próxima á zona de rexeneración, ata acadar os 1.200 m<sup>2</sup> previstos e orzamentados no proxecto (foto 4)




*Figura 4.- Camión da empresa encargada do aporte de áridos descargando na zona de actuación*

A medida que se ía compilando a area, a empresa Excavaciones Javier encargouse de ir repartíndoa por toda a zona a rexenerar. Para este traballo empregou unha pala escavadora, dous dumpers e un tractor. Como pode observarse nas seguintes figuras ao longo de seis días, dende o día 6 ata o 11 de novembro, depositou, estirou e arou a zona a rexenerar.



*Figura 5.- Maquinaria empregada no acondicionamento da zona “Matadero”*

A continuación preséntanse unha serie de fotografías coa evolución dos traballos.



*Figura 6.- Proceso de descarga e distribución da area*



Figura 7.- Momentos de traballo das máquinas o día 10 de novembro

O seguinte cronograma resume o desenvolvemento dos traballos ata o final do proxecto .

	2017					
	X	A	S	O	N	D
<b>2.4.2.1 LIMPEZA</b>						
<b>2.4.2.2 ACOND. FÍSICO</b>						
<b>2.4.2.3 ACOND. BIOLÓXICO</b>						


O apartado 2.4.2.3 non se puido realizar nas mesmas condicións que estaba previsto no proxecto, debido á falta de financiación do mesmo. Inicialmente proxectouse a sementeira de 1.000.000 de xuvenís de ameixa xaponesa de talla entre 15 e 18 milímetros co fin de provocar un acondicionamento biolóxico da zona rexenerada, para posteriormente no ano 2018, facer unha repoboación de ameixa fina.

Ante a imposibilidade de adquirir a semente de criadouro (por falta de orzamento), decidiuse, previa solicitude de modificación do proxecto, realizar sementeiras de ameixa procedente de traslados ou rareos de bancos improdutivos e zonas de alta densidade de ameixa nos bancos do plan de explotación de marisqueo a pé. Estas tarefas de semicultivo, son habituais no desenvolvemento anual das actividades da Agrupación de mariscadoras, polo que pensabamos que era unha boa iniciativa para restaurar bioloxicamente a zona de rexeneración.

Con data do 13 de novembro solicitouse ante a dirección xeral de desenvolvemento pesqueiro unha prorroga e modificación de proxecto para realizar a actuación sinalada no punto 2.4.2.3 e comentada anteriormente. A prórroga foi concedida ata o 15 de Decembro.

Os días 13,18,25 e 29 de novembro, o colectivo de marisqueo a pé realizou unha serie de traballos de semicultivo, consistentes no traslados de ameixa xaponesa, fina e berberecho de zonas de recrutamento menos

produtivas dos bancos de Tragove-San Miguel e Pantalán á zona rexenerada de O Bebederos co gallo de producir un acondicionamento biolóxico do substrato recen rexenerado. A cantidade de ameixa sementada na área recuperada foi de 2.079 kg, constituída fundamentalmente por ameixa xaponesa (80%) e tamén por ameixa fina (15%), ademais dunha pequena cantidade de berberecho (5%).



*Figura 8.- Imaxes da zona recuperada de Os Bebederos con ameixa fina recen sementada.*

Se ben as actuacións do proxecto están rematadas con esta actuación de sementar ameixa na zona rexenerada, de cara ao vindeiro ano, a Agrupación de Mariscadoras, pretende seguir sementando ameixa procedente doutras zonas con alta fixación e recrutamento para facer posible unha recuperación real desta área.

#### **- RESULTADOS**

No apartado anterior, realizouse unha descrición das actividades desenvolvidas ao longo do proxecto, que foron realizadas sen ningunha incidencia e segundo o plan previsto.

A continuación preséntanse dúas figuras comparando a zona antes da actuación e despois do traballo realizado.

Ademais do evidente cambio realizado sobre o substrato do espazo recuperado, na *figura 8* podemos observar a ameixa sementada na área ocupada polo sedimento novo, así como a zona que aínda queda por recuperar.





Antes



Despois

#### **- SOSTIBILIDADE DO PROXECTO**

Este apartado non poderá ser completado ata que se desenvolva o proxecto na súa totalidade.

## - IMPACTO DO PROXECTO

Este apartado non poderá ser completado ata que se desenvolva o proxecto na súa totalidade.

## DATOS COMPLEMENTARIOS.

### Indicadores de resultado acadados.

PRIORIDADE 1.- Promover pesqueiras sostibles dende o punto de vista do medio ambiente, eficientes no uso dos recursos, innovadoras, competitivas e baseadas no coñecemento			
OE1.b) .- Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos			
INDICADOR DE RESULTADO	MARQUE CUN "X"	VALOR ACADADO	UNIDADE DE MEDIDA
Variación da eficiencia no uso do combustible na pesca		0	Litros de combustible / toneladas de capturas desembarcadas
Variación da cobertura de zonas "Natura 2000" designadas en virtude das Directivas sobre aves e hábitats		0	Km <sup>2</sup>
Variación da coberturas de outras medidas de protección espacial indicadas no artigo 13, apartado 4, da Directiva 2008/56/CE		0	Km <sup>2</sup>

En Cambados a 15 de Decembro de 2017



Asdo. José Carlos Mariño Balsa. *Asistencia Técnica*